

BiRMED

Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval

Versión 2.0

Manual de usuario

Rev. 3 – 3/03/2009

Dirección

Mercedes Brea
Elvira Fidalgo
Pilar Lorenzo Gradín

Equipo Informático

Fernando Magán Muñoz
José Carlós Sánchez Rivas

Investigadores/as

María Alonso Torregrosa
Mariña Arbor Aldea
M^a Xosé Canedo Souto
Antonio Augusto Domínguez Carregal
Alexandre Gaiferos Parrado Freire
Olalla García Martínez
David González Couso
Déborah González Martínez
Marta López Macías
Francisca Martínez Rodríguez



Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Santiago de Compostela
2009

Índice	
Introdución	3
Descrición da base de datos	
Interface de usuario	5
IDI	5
Tipo	5
Título	5
Autor	6
Ano	6
Lingua	6
Data	6
Buscas	6
Comodíns, operadores básicos e caracteres especiais	6
Exemplos de operacións con comodíns	8
%	8
_ (guión baixo)	8
termo1, termo2	9
termo1 & termo2	9
termo1 ~ termo2	9
{ }	10
\	10
Buscas combinadas	10
Descrición de cada rexistro	11
	12
Apéndice: Palabras clave	15

Introdución

A *Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval* (BIRMED) é unha base de datos na que se inclúe un extenso repertorio de referencias bibliográficas relativas á produción científica relacionada tanto coa lírica profana e relixiosa como coa prosa literaria galega medieval.

BIRMED tivo unha orixe simultánea á da *Base de datos da lírica profana galego-portuguesa* (MedDB)¹, ambas incluídas no subproxecto *Lírica galego-portuguesa*, que forma parte do *Arquivo Galicia Medieval* desenvolvido no CRPIH. Inicialmente, deuse preferencia a MedDB porque se considerou máis útil para os estudosos, e tamén porque xa existían algúns recursos bibliográficos, como os clásicos repertorios de S. Pellegrini e G. Marroni (*Repertorio bibliografico della prima lirica portoghese*, Modena, Società Tipografica Modenese Editrice, 1939 e *Nuovo Repertorio Bibliografico della prima lirica galego-portoghese* (1814-1977), L'Aquila, Japadre Editore, 1981) e, dende o ano 1987, o *Boletín bibliográfico de la AHLM*, dirixido por V. Beltrán.

Nunha primeira fase, BIRMED estivo unicamente provista de referencias bibliográficas sobre lírica profana, mais dende o 2006 incorporáronse tamén as pertencentes ás *Cantigas de Santa María* e, nesta nova versión, amplíase a información incluíndo as relativas ao eido da prosa literaria, que contempla ademais da bibliografía xeral neste ámbito, a que fai referencia ás seguintes obras: *Arte de Trovar*, *Crónica de Castela*, *Crónica de Santa María de Iria*, *Crónica Troiana*, *Crónica Xeral*, *Crónica Xeral de 1404*, *Foro Real*, *Flores de Dereito*, fragmentos das *Sete Partidas*, *Historia Troiana*, *Libro de Tristán*, *Mirages de Santiago*, *Ordenamento de Alcalá de 1348*, *Poética alcobacense*, *Rúbricas dos códices B e V*, *Rúbricas dos Lais*, *Tratado de Albeitería e Xeral Estoria*.

O obxectivo fundamental de BIRMED é o de servir como ferramenta de traballo aos estudosos e interesados da literatura galega medieval, proporcionando un rápido acceso ao conxunto de referencias bibliográficas e facilitando o intercambio entre docentes e investigadores de diversos ámbitos xeográficos. Esta última versión ofrece ao usuario como novidade máis destaca un “índice de citas”, que permite, por unha

¹ A primeira versión (1998) foi substituída en 2008 por unha nova, máis complexa e estruturada de maneira diferente.

parte, coñecer a bibliografía citada en cada rexistro e, por outra, saber onde aparece citado o traballo en cuestión, tendo en conta que esta información ten dúas limitacións: a) aplícase unicamente aos estudos publicados a partir do ano 2003; e b) só recolle as citas recibidas por traballos incluídos en BIRMED. Por outra banda incorpórese un servizo de preguntas frecuentes (FAQ), situado na pantalla inicial (pestaña “Acerca de”), que intenta responder aquelas cuestións máis formuladas polo usuario.

Descrición da base de datos

Interface de usuario

Logo de conectarse á base de datos, atópase na páxina principal unha interface de busca e un listado das últimas obras incluídas no corpus.

As obras aparecen nun listado tabular, que inclúe os campos seguintes:

IDI

Número de identificación da ficha na base de datos condicionado polo soporte de publicación do documento citado.

TIPO

Categorías (estabelecidas de forma convencional) nas que se adscribe cada traballo citado segundo a forma de publicación, a saber:

Actas: volumes que recollen os traballos presentados en congresos, simposios, coloquios, encontros, etc., e tamén as homenaxes a membros destacados da comunidade científica.

Artigo: publicacións de carácter científico en revistas ou outros tipos de publicacións periódicas, exceptuando actas de congresos.

Artigo en actas: traballos incluídos nos volumes de congresos, simposios, coloquios, encontros e homenaxes.

Capítulo dun libro: parte de libros (capítulos, seccións, apartados, subcapítulos, etc.) cunha unidade temática dentro dun volume que trata de temas diversos.

Libro: volumes monográficos, dun ou varios autores, publicados por unha editorial.

Libro sen publicador: libros publicados sen referencia á editorial, incluíndo as publicacións patrocinadas polos propios autores.

Publicación electrónica: traballos publicados en soporte electrónico, como Internet.

Tese de doutoramento: traballos de investigación orixinais e inéditos, defendidos publicamente e conducentes á obtención do título de doutor.

Traballo grao/posgrao: Traballos de investigación asociados a planes de estudo de rango inferior á tese de doutoramento (traballos de terceiro ciclo, teses de mestrado, proxectos de fin de carreira, memorias de licenciatura, etc.).

Nas fichas, baixo o rótulo de *Información adicional*, indícase cando o tipo de traballo é unha **antoloxía**, un **manual**, un **glosario** ou unha **recensión**.

TÍTULO

Título principal de cada obra citada.

AUTOR

Identificación do(s) autor(es) da obra en cuestión. Nos libros de actas aparece(n) o(s) nome(s) dos editor(es).

ANO

Año de publicación. As diversas edicións dun mesmo traballo constitúen fichas independentes. No caso de que un artigo fora publicado con anterioridade noutro lugar, haberá na(s) ficha(s) posterior(es) unha nota que recolle a información bibliográfica correspondente. Indícase tamén como información adicional se o traballo é unha reimpresión ou se se trata dunha nova edición da versión precedente, corrixida e/ou ampliada.

LINGUA

Lingua(s) nas que o traballo está redactado. Nos volumes de actas, refírese a todas as linguas empregadas nos diversos artigos recollidos.

DATA

Data de inserción e/ou última actualización de cada rexistro bibliográfico.

Buscas

O sistema de buscas está deseñado para operar en catro ámbitos distintos (Autor, Título, Palabras clave e en todo o documento) con conectores “todas as condicións” e “calquera condición”, podéndose insertar até tres condición de búsqueda distintas á vez. Na propia **axuda en liña** podemos atopar información sobre os operadores e comodíns que podemos utilizar nas buscas de termos ou palabras.

Por exemplo, se queremos obter un listado das obras do prof. M. Rodrigues Lapa que leven o termo “escarnho” no título, pediremos a seguinte busca:



The screenshot shows a search interface with the following elements:

- Buscas** (Search) section with a **Reiniciar** (Reset) button.
- Three search criteria, each with a **Buscar** (Search) button:
 - Criterion 1: **Buscar** [No autor] **as palabras** [Lapa]
 - Criterion 2: **Buscar** [No título] **as palabras** [escarnho]
 - Criterion 3: **Buscar** [En todo o documento] **as palabras** []
- Conector** (Connector) options:
 - Calquera condición
 - Todas as condicións
- Ordenados por** (Sorted by) dropdown menu set to **Tipo**.
- Buscar** (Search) button.

Se queremos unha selección máis ampla, contendo todos os traballos do citado autor e ao mesmo tempo todos os que leven o termo “escarnho” no título, usaremos o conector “calquera condición”.

Comodíns, operadores básicos e caracteres especiais

Ademais das opcións iniciais de busca, podemos traballar con operadores que faciliten unha pescuda máis ampla:

as palabras Close

Este elemento permite a introdución dos valores de busca para campos textuais. Podemos introducir a palabra ou palabras a buscar, coa posibilidade do emprego de comodíns, e/ou operadores textuais.

Comodíns:

- % Substitúe a calquera cadea de caracteres de lonxitude variable.
- _ (guión baixo) Substitúe a un so carácter calquera.

Operadores básicos:

- termo1* , *termo2*
Busca calquera dos termos.
- termo1* & *termo2*
Busca todos os termos.
- termo1* ~ *termo2*
Busca rexistros que conteñan *termo1* e que non conteñan *termo2*.

Caracteres especiais:

- {...}
Anula o procesamento de caracteres con significado especial (& , - " etc.) da cadea entre chaves.
- \
Anula o procesamento especial do seguinte carácter. `galego\-portuguesa`

A lista que aparece na imaxe anterior tamén pode ser consultada na interface de busca, premendo o enlace “as palabras” da primeira liña dos campos de busca.

Exemplos de operacións con comodíns

%

Este comodín permite buscar termos de lonxitude variábel con comezo ou final determinado, engadindo unha cadea de caracteres (a partir de cero elementos) en lugar do comodín.

Buscas Reiniciar

Buscar	No título	as palabras	trobador%	Conector	<input type="radio"/> Calquera condición
Buscar	En todo o documento	as palabras			<input checked="" type="radio"/> Todas as condicións
Buscar	En todo o documento	as palabras		Ordenados por	Tipo

Buscar

Deste xeito, a base de datos devólvenos documentos que conteñan no título termos relacionados, como *trobador*, *trobadores*, *trobadoresca*, *trobadoresco*, *trobadorismo*, etc.

Da mesma maneira, unha busca polo termo “%trobadoresco” dános como resultado fichas nas que aparezan os termos “trobadoresco” e “postrobadoresco”

(guión baixo)

Este comodín permite a substitución dun caracter en concreto por un espazo no que pode figurar calquera caracter.

The screenshot shows a search interface titled "Buscas" with a "Reiniciar" button. It features three search rows. The first row has a dropdown menu set to "No título", a text input field containing "escarn_o", and a "Conector" section with radio buttons for "Calquera condición" and "Todas as condicións". The second and third rows have dropdown menus set to "En todo o documento" and empty text input fields. There is also an "Ordenados por" dropdown menu set to "Tipo" and a "Buscar" button.

Por exemplo, unha busca polo termo “escarn_o” daríanos como resultado as variantes máis comúns do termo en diferentes linguas: escarnho, escarnio, escárnio.

termo1, termo2

Este operador permite a busca de dous elementos no mesmo campo, dando como resultado unha lista na que figura algún dos temas buscados.

The screenshot shows a search interface titled "Buscas" with a "Reiniciar" button. It features three search rows. The first row has a dropdown menu set to "Nas palabras clave", a text input field containing "mariña, barcarola", and a "Conector" section with radio buttons for "Calquera condición" and "Todas as condicións". The second and third rows have dropdown menus set to "En todo o documento" and empty text input fields. There is also an "Ordenados por" dropdown menu set to "Tipo" and a "Buscar" button.

Neste exemplo, a busca dá como resultado tanto as fichas que conteñan a palabra clave “mariña” como as que conteñan a palabra clave “barcarola”.

termo1& termo2

Para facer buscas nas que aparezan dous termos ao mesmo tempo no mesmo campo (título, subtítulo, unha palabra clave...), temos que empregar o operador &. Por exemplo, se queremos atopar unha obra que teña no título ao mesmo tempo os termos “cantigas” e “amigo” debemos facer a seguinte petición:

The screenshot shows a search interface titled "Buscas" with a "Reiniciar" button. It features three search rows. The first row has a dropdown menu set to "No título", a text input field containing "cantigas & amigo", and a "Conector" section with radio buttons for "Calquera condición" and "Todas as condicións". The second and third rows have dropdown menus set to "En todo o documento" and empty text input fields. There is also an "Ordenados por" dropdown menu set to "Tipo" and a "Buscar" button.

termo1 ~ termo 2

Este operador permite facer buscas nun mesmo campo que exclúan un determinado termo do conxunto resultante.

The screenshot shows a search interface with the following elements:

- Section: **Buscas** (with a **Reiniciar** button)
- Search 1: **Buscar** (No título) **as palabras** rei ~ alfonso
- Search 2: **Buscar** (En todo o documento) **as palabras** (empty)
- Search 3: **Buscar** (En todo o documento) **as palabras** (empty)
- Conector: Calquera condición, Todas as condicións
- Ordenados por: Tipo
- Buttons: **Buscar**

Na imaxe superior, está representada unha busca de obras que leven o termo “rei” no título pero que ao mesmo tempo non leven o termo “alfonso”

{ }

Estes caracteres permiten facer unha busca exacta dos termos que circunda, desactivando a busca por comodíns ou operadores. No caso das cantigas profanas é moi útil empregalo, xa que a vírgula que se emprega para dividir o número do trobador e o da cantiga en concreto sería interpretada polo motor de buscas como un operador.

Por exemplo, para buscar documentos que se refiran á cantiga de Martin Codax “Ondas do mar de Vigo”, a busca tería que ser esta:

The screenshot shows a search interface with the following elements:

- Section: **Buscas** (with a **Reiniciar** button)
- Search 1: **Buscar** (Nas palabras clave) **as palabras** {91,6}
- Search 2: **Buscar** (En todo o documento) **as palabras** (empty)
- Search 3: **Buscar** (En todo o documento) **as palabras** (empty)
- Conector: Calquera condición, Todas as condicións
- Ordenados por: Tipo
- Buttons: **Buscar**

Unha busca sen as chaves daría como resultado unha lista das fichas que conteñen a palabra clave “91” e a palabra clave “6”, coincidentes na mesma ficha ou non.

\

Este caracter é útil para anular a interpretación do caracter seguinte como operador. Por exemplo, no seguinte caso, para poder buscar o termo “galego-portugués” ou “galego-português” nun título, debemos cubrir o formulario do seguinte modo:

The screenshot shows a search interface with the following elements:

- Section: **Buscas** (with a **Reiniciar** button)
- Search 1: **Buscar** (No título) **as palabras** galegol-portugues
- Search 2: **Buscar** (En todo o documento) **as palabras** (empty)
- Search 3: **Buscar** (En todo o documento) **as palabras** (empty)
- Conector: Calquera condición, Todas as condicións
- Ordenados por: Tipo
- Buttons: **Buscar**

En caso contrario, a busca limitárase só ao termo “galego”, xa que o motor de buscas eliminaría todos os caracteres seguintes.

Buscas combinadas

Todas as opcións anteriores poden ser combinadas para formar unha busca máis precisa. Por exemplo, se queremos buscar unha referencia da que non sabemos o título exacto pero da que temos os seguintes datos:

- Fala sobre a cantiga “ora ja non poss’eu creer” de Pero da Ponte
- O título leva o termo “galego-portugués”, pero non sabemos se ten variacións de xénero ou número, e tamén menciona “trobador” ou variantes, pero non xograres
- Non sabemos en que lingua está

Teremos entón que facer unha busca como a seguinte, atopando o seguinte resultado:

Buscas Reiniciar


Buscar galego-portugues%

Buscar tro_ador% ~_ograis

Buscar {120,32} Ordenados por Buscar

Conector Calquera condición Todas as condicións

Rexistros encontrados: 1 1 - 1

Ver	IDI	Tipo	Título	Autor	Ano	Lingua	Data
	mip00664	Artigo en actas	O pranto fúnebre na poesía trovadoresca galego-portuguesa	Mattoso, José	1997	Portugués	22/05/06

[Folla de cálculo \(CSV\)](#) 1 - 1

Descrición de cada rexistro

No interior de cada ficha, están presentes:

- Os datos de publicación da obra buscada,
- As palabras clave separadas por unha barra vertical

O(s) termo(s) buscado(s) aparece(n) no interior da ficha bibliográfica destacado(s) por frechas: ► ... ◀

Rexistro [Regresar](#)

[< Anterior](#)

Medieval

Tipo: Libro
Autor: ▶Lapa◀, M. Rodrigues
Título: Cantigas d' ▶escarnho◀ e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses
Edición: Primeira
Publicador: Galaxia
Serie: Colección Filolóxica
Enderezo do publicador: Vigo
Ano: 1965
Lingua: Portugués
Información adicional: Inclúe ao final un "Vocabulário Galego-Português"
Número de páxinas: 764
Palabras clave: Edición crítica | Escarnio | Léxico |
IDF: mb000097

4/4

[< Anterior](#)

Na marxe dereita de cada ficha bibliográfica aparecerán dous recadros coa información correspondente á bibliografía citada e aos lugares onde o traballo en cuestión aparece citado:

<p>Rexistro Regresar</p> <p style="text-align: right;">Seguinte ></p> <p>Medieval</p> <p>Tipo: Artigo Autor: Lorenzo Gradín, Pilar Autor: Díaz Martínez, Eva María Título: El ►fragmento gallego◄ del Libro de Tristán: Título: nuevas aportaciones sobre la 'Collatio' Revista: Romania Volume: CXXII Número: 3/4 Páxinas: 371-396 Año: 2004 Lingua: Castelán Número de páxinas: 25 Palabras clave: Prosa Libro de Tristán Manuscrito Literatura artúrica IDF: ma001368</p> <p>1/2</p> <p style="text-align: right;">Seguinte ></p>	<p>Cítanse as seguintes obras</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>IDI</th> <th>Título</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>ma001365</td> <td>Fragmento de una versión galaico-portuguesa de Lanzarote del Lago</td> </tr> <tr> <td>mb000593</td> <td>Livro de Tristan e Livro de Merlin:</td> </tr> <tr> <td>mip01001</td> <td>La edición del fragmento de la copia gallega del Libro de Tristán</td> </tr> </tbody> </table> <p style="text-align: right;">1-3</p>	IDI	Título	ma001365	Fragmento de una versión galaico-portuguesa de Lanzarote del Lago	mb000593	Livro de Tristan e Livro de Merlin:	mip01001	La edición del fragmento de la copia gallega del Libro de Tristán
IDI	Título								
ma001365	Fragmento de una versión galaico-portuguesa de Lanzarote del Lago								
mb000593	Livro de Tristan e Livro de Merlin:								
mip01001	La edición del fragmento de la copia gallega del Libro de Tristán								
	<p>Aparece citado nas seguintes obras</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>IDI</th> <th>Título</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>mip00997</td> <td>Aparición e florecemento da prosa medieval galega</td> </tr> <tr> <td>ma001377</td> <td>Tristán en Portugal. Reescritura y alteración organizativa de las fuentes</td> </tr> </tbody> </table> <p style="text-align: right;">1-2</p>	IDI	Título	mip00997	Aparición e florecemento da prosa medieval galega	ma001377	Tristán en Portugal. Reescritura y alteración organizativa de las fuentes		
IDI	Título								
mip00997	Aparición e florecemento da prosa medieval galega								
ma001377	Tristán en Portugal. Reescritura y alteración organizativa de las fuentes								

Débese ter en conta que hai unha serie de casos nos que non se ofrecerá información algunha sobre as citas:

- a) **Traballos publicados antes do ano 2003.-** os estudos citados en traballos posteriores a esa data poden, porén, ser anteriores. No recadro correspondente figurará: “Ningunha, ou traballo non revisado”.

<p>Rexistro Regresar</p> <p style="text-align: center;">< Anterior Seguinte ></p> <p>Medieval</p> <p>Tipo: Artigo Autor: de Lollis, Cesare Título: Cantigas de amor e de maldizer de Alfonso el Sabio re di Castiglia Revista: Studj di Filologia Romanza Volume: II Páxinas: 31-66 Año: 1887 Lingua: Italiano Número de páxinas: 36 Palabras clave: 18 Escarnio Temática Biografía 18,34 Contexto Personaxes clave: □Cancioneiro□ Crítica textual Interpretación Tensón IDF: ma000094</p> <p>22/110</p> <p style="text-align: center;">< Anterior Seguinte ></p>	<p>Cítanse as seguintes obras</p> <p>Ningunha, ou traballo non revisado</p>												
	<p>Aparece citado nas seguintes obras</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>IDI</th> <th>Título</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>ma001405</td> <td>La doble función (sancionadora y lúdica) de la sátira medieval.</td> </tr> <tr> <td>mip00380</td> <td>Textos alfonsies en la edición del Cancioneiro da Ajuda de Carolina Michaëlis (Halle, 1904)</td> </tr> <tr> <td>mb000248</td> <td>El trovador Gonçal'Eanes Dovinhã: estudio histórico y edición</td> </tr> <tr> <td>mip00876</td> <td>De la sátira burlesca gallego-portuguesa a la injuria del Cancionero de Baena: anazado / nasciãdo</td> </tr> <tr> <td>ma001403</td> <td>Trovadores en la corte de Alfonso X</td> </tr> </tbody> </table> <p style="text-align: right;">1-5 6-9</p>	IDI	Título	ma001405	La doble función (sancionadora y lúdica) de la sátira medieval.	mip00380	Textos alfonsies en la edición del Cancioneiro da Ajuda de Carolina Michaëlis (Halle, 1904)	mb000248	El trovador Gonçal'Eanes Dovinhã: estudio histórico y edición	mip00876	De la sátira burlesca gallego-portuguesa a la injuria del Cancionero de Baena: anazado / nasciãdo	ma001403	Trovadores en la corte de Alfonso X
IDI	Título												
ma001405	La doble función (sancionadora y lúdica) de la sátira medieval.												
mip00380	Textos alfonsies en la edición del Cancioneiro da Ajuda de Carolina Michaëlis (Halle, 1904)												
mb000248	El trovador Gonçal'Eanes Dovinhã: estudio histórico y edición												
mip00876	De la sátira burlesca gallego-portuguesa a la injuria del Cancionero de Baena: anazado / nasciãdo												
ma001403	Trovadores en la corte de Alfonso X												

- b) **Libros de actas.**- as citas aparecerán en cada unha das fichas correspondentes aos traballos incluídos no volume.

Rexistro
Regresar

< Anterior Seguente >

Medieval

Tipo: Actas
Editor: Israel J Katz; John Esten Keller; Samuel G Armistead; Joseph Thomas Snow
Título: Studies on the ► Cantigas ◄ de Santa María
Título: Proceedings of the International Symposium on the CSM of Alfonso X el Sabio (1221-1284) in Commemoration of its 700 th. Anniversary Year (1981)
Publicador: Hispanic Seminary of Medieval Studies. University of Wisconsin-Madison
Enderezo do publicador: Madison
Ano: 1987
ISBN: 0942260759
Lingua (multilingüe): Inglés, castelán
Palabras clave: ► CSM ◄ |
IDF: mpr00046

2/378

Cítanse as seguintes obras

Ningunha, ou traballo non revisado

Aparece citado nas seguintes obras

IDI	Título
mb000564	Alfonso X el Sabio
mb000602	As Cantigas de Loor de Santa Maria
mip00626	La langue musicale de dévotion: les cantigas de loor et les char de Guiraut Riquier

- c) **Teses de doutoramento.**

Rexistro
Regresar

< Anterior

Medieval

Tipo: Tese de doutoramento
Autor: Pérez Pascual, José Ignacio
Título: ► Crónica de 1404 ◄
Universidade: Universidade de Salamanca- Fac. de Filología, Dpto. de Lengua Española
Enderezo do publicador: Salamanca
Ano: 1990
Lingua: Castelán
Información adicional: Tese de Dotouramento inédita
Palabras clave: Prosa | Crónica Xeral de 1404 | Edición | Historiografía |
IDF: mte00036

4/4

Cítanse as seguintes obras

Ningunha, ou traballo non revisado

Aparece citado nas seguintes obras

Ningunha, ou traballo non revisado

< Anterior

Apéndice: palabras clave

As palabras clave divídense en tres grupos:

A) Nomes dos trobadores

O trobador identifícase por medio dun número (do 1 ao 156) nunha orde alfabética ascendente de A (Abril Perez, nº 1) a V (Vidal, judeu d'Elvas, nº 156). A numeración seguida é a da *MedDB2*, que á súa vez é unha adopción do sistema establecido por Giuseppe Tavani no seu *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Edizioni dell'Ateneo. Roma, 1967 (de agora en diante *RM*).

B) Número de Cantiga

A numeración das cantigas profanas está tomada da *MedDB2* que, igual que no caso dos nomes dos trobadores, segue á súa vez, aínda que con leves diferenzas, o “Índice bibliográfico dei poeti e dei testi anonimi” do *RM*, publicado polo profesor Tavani en 1967.

O sistema de identificación outórgalle un código composto por dous números separados por unha coma: o primeiro fai referencia ao trobador e o segundo identifica a cantiga en particular. Como no caso anterior, as cantigas están numeradas por orde alfabética do *incipit*. Por exemplo, dentro das cantigas de Johan Zorro (nº 83), virá antes “Baylemos agora, por Deus, ay velidas” (83,1) que “Cabelos, los meus cabelos” (83,2), independentemente de cal sexa a súa posición nos manuscritos e nas edicións de referencia. As Cantigas de Santa María seguen unha numeración distinta, identificadas pola palabra clave “CantigaX”, onde “X” é o número da cantiga conforme a numeración empregada por Walter Mettmann na súa edición das *Cantigas de Santa Maria* (edicións sucesivas pola Universidade de Coimbra, Coimbra, 1959-1972, Xerais, Vigo, 1981 e Castalia, Madrid, 1986).

C) Outros termos

Á parte das categorías numéricas, hai unha lista pechada de termos que aluden a aspectos teóricos dos textos en cuestión, tratando de formalidades xenéricas, aspectos retóricos, transmisión manuscrita e outros varios. Os rexistros referidos ás *Cantigas de Santa María* e á Prosa levan sempre os identificadores “CSM” e “Prosa” respectivamente, aparte doutras palabras clave que permitan identificar o contido da contribución reseñada.

Coa fin de constituír unha guía xeral sobre a información contida no conxunto das palabras clave, ofrécese a seguinte clasificación:

- 1) Aspectos xerais e cuestións fundamentais da lírica profana, CSM e prosa literaria galega: Trobador, Cancioneiro, CSM, Prosa, Iconografía ...
- 2) Títulos das obras literarias da prosa literaria galega: citadas na introdución.

3) Modalidades xenéricas da lírica profana: ademais dos grandes xéneros (Amor, Amigo e Escarnio) especificanse cada un dos menores: Alba, Partimen, Tensón ...

Cabe sinalar que a relación de palabras obedece a unha convención formal coa que se pretende orientar ao usuario sobre os aspectos máis salientábeis do estudo ao que se incorporan². No listado que aparece a continuación inclúense en nota ao pé aclaracións de todas aquelas palabras que poidan presentar algunha particularidade.

Palabras clave:

A
B
V³

Alba
Albeitería
Alimentación
Amigo
Amor
Animais
Arte de Trovar
Atribución

Bailada⁴
Bibliografía⁵
Biografía

Cancioneiro
Cantiga encomiástica
Cantiga epigramática
Cantiga de malcasada
Cantiga de malmonxada
Cantiga moral
Cantiga de romaría
Cantiga de tear
Caza
Ciclos históricos
Ciclos literarios
Codicoloxía
Contexto
Contrafacta

² As palabras están en galego, polo que para calquera particularidade na busca se deben empregar os comodíns indicados nos apartados correspondentes.

³ A, B, V: faise referencia a aspectos específicos de cada un dos cancioneros.

⁴ Modalidade temática (canción de baile). O termo *balada*, por estar a súa técnica relacionada co uso do refrán intercalar, quedaría incluída no ámbito xenérico da palabra clave *métrica*.

⁵ Este termo fai referencia a repertorios bibliográficos, estados da cuestión e anais bibliográficos.

Crítica textual
Crónica de Castela
Crónica de Santa María de Iria
Crónica Troiana
Crónica Xeral
Crónica Xeral de 1404
Cronoloxía
CSM

Demo

Edición⁶
Epígonos
Escarnio
Escondit
Estrutura
Estudo comparativo
Estudo particular
Estudo xeral

Fiinda
Flores de Dereito
Fontes
Foro Real

Guerra

Haxiografía
Historia
Historia Troiana
Historiografía

Iconografía
Influencias⁷
Interferencias xenéricas
Interpretación
Intertextualidade⁸

Lais
Léxico
Libro de Tristán
Lingua⁹
Literatura artúrica

⁶ Abarca todos os tipos da edición: crítica, diplomática, divulgativa, facsimilar, interpretativa, paleográfica e semidiplomática.

⁷ Fai referencia a aspectos relativos ás líricas en contacto, repercusións doutros modelos na lírica galego-portuguesa, nas Cantigas de Santa María ou na prosa.

⁸ Termo máis específico que Influencias. Posíbeis intertextos ou redes de referencias comúns entre composicións, textos e (posíbeis) autores e escolas.

⁹ Traballos que tratan algún aspecto lingüístico do corpus de referencia.

Loor

Mala cansó

Manuscrito

Marabilloso

Mariña

Marioloxía

Materia troiana

Métrica

Miraculística

Miragres de Santiago

Motivos

Música¹⁰

Natureza

Nobiliarios

Onomástica¹¹

Oralidade

Ordenamento de Alcalá de 1348

Orixes

Partidas

Partimen

Pastorela

Pecado

Peregrinación

Personaxes

Plurilingüismo

Poética alcobacense

Pranto

Prólogo

Prosa

Prosificacións

Recepción

Refrán

Retórica

Rima

Rítmica

Rúbricas

Santuarios

Scriptorium

Seguir

Sexualidade

Simbolismo

¹⁰ Relacións texto-música. Notación musical dos textos poéticos.

¹¹ Engloba os campos de antroponimia e toponimia.

Sociedade

Temática

Tensión

Teoloxía

TextoImaxe¹²

Tradición manuscrita

Tradicionalidade

Tradución

Trobador¹³

Virxe

Xenealoxías¹⁴

Xéneros

Xeral Estoria

Xograr

Xurisprudencia

¹² Relación do texto coa ilustración ou miniatura no manuscrito. Distinto de Iconografía.

¹³ Termo xeral para referirse á figura do trobador. Para os casos concretos debe introducirse no campo das palabras clave o número correspondente de cada autor asignado na *LPGP*.

¹⁴ Cuestións relativas a liñaxes de familias nobres que poidan ter repercusións nos compositores e nos textos.